



DATOS IDENTIFICATIVOS

Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Galego

Materia	Tradución especializada idioma 2: Servizos culturais: Francés-Galego			
Código	V01G230V01933			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua de impartición	Francés Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Luna Alonso, Ana Fernández Ocampo, Anxo			
Profesorado	Fernández Ocampo, Anxo Luna Alonso, Ana			
Correo-e	aluna@uvigo.es ocampo@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	<p>"Servizos culturais: Francés-Galego" é unha materia pluridimensional ambientada no sector dos servizos e nutrida por textos de contido cultural, que corresponde con prácticas moi activas no mercado profesional, como pode ser a xestión e tradución dos patrimonios culturais ou a organización de eventos. Ademais da diversidade dos xéneros textuais que a compoñen, outra característica da tradución dos servizos culturais é o feito de que non hai operación nin proxecto comercial que non se exprese nunha linguaxe cultural, o cal explica que esta especialidade é unha das principais aliadas na formación en tradución publicitaria. O cultural serve logo de rexistro comunicativo no que se expresan tensións económicas, identitarias e políticas. O seu ensino pretende atender non só a vertente fr/gl (en calquera das direccións), senón que constitúe unha introdución eficaz ás actividades propias deste sector especializado.</p>			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C3	Dominio da lingua propia, escrita e oral
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C12	Posuír unha ampla cultura
C16	Capacidade de deseñar, organizar o traballo e xerir e coordinar proxectos
C17	Capacidade de tomar decisións

C18	Capacidade de aplicar os coñecementos á práctica
C22	Destrezas de tradución
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
D2	Coñecemento dunha segunda e unha terceira lingua estranxeira
D3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
D4	Resolución de problemas
D7	Toma de decisións
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D9	Razoamento crítico
D12	Traballo en equipo
D13	Traballo nun contexto internacional
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D17	Comprensión doutras culturas e costumes
D18	Creatividade
D24	Deseño e administración de proxectos

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Aprender a traducir textos derivados dos sectores dos servizos culturais na combinatoria francés / galego, e en xeral adquirir as competencias de tradución propias da especialidade da tradución de servizos culturais.	A1	C3 C4 C8 C16 C17 C18 C22 C24 C27	D2 D3 D4 D7 D9 D15 D16 D18 D24
Formarse en métodos, habilidades e técnicas de tradución que empreguen a creación discursiva como estratexia principal. Saber aplicar os métodos aprendidos a outras especialidades de tradución diferentes.	A2 A3 A4	C4 C16 C18 C22 C24 C26 C27	D2 D3 D4 D7 D9 D15 D16 D18
Desenvolver competencias profesionais prospectivas, baseadas no coñecemento das dinámicas do mercado, no comportamento e expectativas da clientela e na anticipación de necesidades.	A4 A5	C9 C12 C16 C17 C24 C25 C26 C27	D3 D7 D8 D12 D13 D15 D16 D17 D24

Contidos

Tema	
1. Patrimonio	<p>1.1. / Nomenclaturas francófona e galega, terminoloxías vernáculos / Noción de paisaxe cultural / Integración de patrimonio material e inmaterial / Traducir convenios</p> <p>1.2. Producción, xestión e transmisión do patrimonio cultural / Planificación dos recursos económicos e humanos / Políticas culturais e comunidades receptoras / Responsables internacionais e locais / Políticas públicas e privadas / Empresas públicas, privadas, fundacións e ONG</p> <p>1.3. Traducir os discursos museográficos e expositivos</p>

2. Turismo	2.1. A mirada estranxeira sobre os espazos galegos / Traducir accesibilidades, direccionalidade, mapas / Tipoloxía de aloxamentos
	2.2. Tradución dos sistemas onomásticos
	2.3. O prêt-à-porter semántico / Hórreo, castro, pazo, ría... a tradución de realia
3. Organización de eventos	3.1. Proxectos / Correspondencia institución-empresa-provedores-autores / Contratos / Loxística / Publicación
	3.2. As (chamadas) industrias da lingua e o sector dos eventos / Eventos públicos e privados / Traducir para feiras, exposicións, convencións, salóns e congresos / Traducir para a industria discográfica
	3.3. Tradución e soporte / Sinais / Edición multilingüe

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	3	0	3
Sesión maxistral	10	10	20
Obradoiros	10	20	30
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	14	28	42
Saídas de estudo/prácticas de campo	6	24	30
Resolución de problemas e/ou exercicios	5	20	25

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias consisten na sesión de presentación, no inicio do semestre. Nela exporase a posición da materia no contexto dos estudos de grao, os obxectivos do curso, a metodoloxía, as actividades e o sistema de avaliación.
Sesión maxistral	O formato de clase maxistral está indicado para transferir coñecementos e sensibilizar o alumnado sobre temas tanto xerais como transversais. Serven para iniciar á metalinguaxe asociada ás destrezas precisas nesta materia, e transmitir formas de adquisición da información e de comprensión do sentido. Serve para estruturar contidos dos temas máis teóricos, ou que precisan desenvolvementos narrativos máis longos e completos.
Obradoiros	Nos obradoiros propóranse actividades envolventes (documentación, estudo de casos, traducións dirixidas) arredor de temas transversais para a adquisición de destrezas na tradución de textos para os servizos culturais. Unha posibilidade de obradoiro consiste na tradución de narrativas populares que compoñen as lendas e relatos asociados ós lugares ou ós acontecementos, e que sistematicamente forman parte do corpus textual traducible nos proxectos de visibilización cultural.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	Corresponde coa realización de encargos de tradución. Todas as encargos propostas proveñen do mercado real e consisten na tradución gl/fr de textos de volume calibrado, que non se viron en clase mais que pertencen á temática vinculada ó ámbito de especialidade correspondente. Esta é a principal ferramenta metodolóxica do curso, malia que o título (resolución de problemas) sexa contrario ós termos da guía desta materia, pois nela preferirase falar de "dificultades" e non de "problemas". Con esta metodoloxía o alumnado escollerá as súas estratexias de traballo de maneira autónoma. Esta autonomía responde ó nivel de responsabilización que se lle esixe ó alumnado, e que se plasma en tomas de decisión individuais e na capacidade para aterse a criterios desenvolvidos a medida que progresa o seu traballo de tradución.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Sempre que haxa medios materiais, o grupo de alumnado, orientado polo/a docente, visitará lugares ou institucións e/ou museos ou exposicións ou eventos relacionados cos contidos da materia. O obxectivo da saída de estudo é de elaborar un proxecto de tradución sobre a base dunha experiencia real. Os textos traducidos derivados destas saídas formarán parte da avaliación continua. A presencialidade (6 horas) corresponde a 4 sesións de hora e media que non se impartirán na aula, e equivalentes a unha xornada. Nesta ocasión, a docencia trasladarase fóra do campus, ó lugar da saída de estudo. A Universidade de Vigo fará todo o posible para facilitar os medios e o apoio loxístico necesario para estas saídas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Saídas de estudo/prácticas de campo	A atención personalizada realízase na rede e nos despachos do/a docente (nos horarios de titorías ou noutro momento mediante cita previa). O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. Na aula, unha vez lanzada a encarga de tradución, o/a docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo/a profesor/a, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.
Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	A atención personalizada realízase na rede e nos despachos do/a docente (nos horarios de titorías ou noutro momento mediante cita previa). O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. Na aula, unha vez lanzada a encarga de tradución, o/a docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo/a profesor/a, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.
Obradoiros	A atención personalizada realízase na rede e nos despachos do/a docente (nos horarios de titorías ou noutro momento mediante cita previa). O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. Na aula, unha vez lanzada a encarga de tradución, o/a docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo/a profesor/a, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.
Sesión maxistral	A atención personalizada realízase na rede e nos despachos do/a docente (nos horarios de titorías ou noutro momento mediante cita previa). O principal obxectivo da atención personalizada é o de aclarar cuestións relativas ás encargas e ós contidos teóricos, a explicar as causas das dificultades atopadas e suxerir accións individualizadas de mellora. Serve ademais para explicar criterios de calificación, notas, avaliación continua e final, para orientar sobre o funcionamento do curso, os dereitos e deberes do alumnado no contexto da materia, para organizar o traballo e as actividades fóra da aula (saída de campo). Este seguimento permite detectar eventuais disfuncións nos obxectivos ou na comunicación antes de que se convertan en atrancos para a docencia e a aprendizaxe. Na aula, unha vez lanzada a encarga de tradución, o/a docente trata de intervir como un membro máis dun grupo de tradución, orientando as estratexias, suxerindo boas prácticas, favorecendo e avaliando a súa capacidade para tomar decisións adecuadas, e evitando condicionar a resposta dos estudantes. Con este método preténdese evitar que o estudantado traballe unicamente para acadar un resultado previsto polo/a profesor/a, facendo pola contra que se responsabilice do texto traducido que produza.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe

Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma	[réxime de avaliación continua] A avaliación terá en conta a capacidade de progresión do alumnado. Polo tanto a nota deste apartado calcularase a partir das 2 mellores de (como mínimo) 4 encargas entregadas ó longo do semestre.	40	A1 A2 A3	C3 C4 C8	D2 D4 D7
				C17 C18 C22 C24 C25 C26 C27	D9 D12 D13 D15 D16 D18 D24
Saídas de estudo/prácticas de campo	[réxime de avaliación continua] Dentro das posibilidades de realización da saída de estudos real, o traballo de campo serve para familiarizarse co lugar e as instalacións dunha entidade cultural que preste a súa colaboración para coñecer ou mesmo protagonizar a súa política tradutora. A entidade poderá ser un museo, un espazo expositivo, un concello, un arquivo, unha oficina de turismo, unha asociación, unha ONG, unha empresa da industria cultural ou en xeral a organizadora dun evento. Esta experiencia serve para compoñer un limitado corpus de textos para traducir en galego ou en francés. A nota dos traballos realizados polo alumnado componse da participación activa na saída de estudo (10% da nota final) e da aceptabilidade e calidade do produto traducido (30% da nota final). En caso de un/ha alumno/a non poder participar na saída (por razóns xustificadas) o/a docente proporalle unha actividade paralela adaptada ás súas circunstancias.	40	A3 A4 A5	C3 C4 C8	D2 D3 D7
				C9 C12 C16 C24 C25 C26	D8 D12 D13 D15 D16 D24
Resolución de problemas e/ou exercicios	[réxime de avaliación continua] Dúas probas de tradución en aula, con control de tempo, que servirán para avaliar capacidades concretas (por exemplo a reactividade) ou respostas diante de dificultades concretas (por exemplo a tradución dos nomes propios). Cada unha das dúas probas contará un 10% da nota final da avaliación continua. Para estas probas o alumnado non poderá utilizar documentación nin recursos externos, agás cando o tipo de texto precise o uso de ferramentas. Neste caso o docente comunicará as instrucións oportunas coa suficiente antelación.	20	A5	C3 C9 C12 C17 C18 C22 C27	D2 D4 D7 D8 D9 D16 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

Son dous os docentes que imparten este curso. Para aprobar, o alumnado deberá sumar suficientes cualificacións positivas entre todas as actividades das saídas de estudo, da resolución de problemas e de exercicio autónomo impartidas polos dous docentes.

O alumnado deberá informar o profesorado nas dúas primeiras semanas de clase a súa elección de acollerse ou non á avaliación continua.

O alumnado que non se acolla ó réxime da avaliación continua ou que non xunte as condicións esixidas para seguir en réxime de avaliación continua (non entregar todas as encargas nos prazos sinalados a principios de curso ou non realizar as probas en aula) deberá presentarse ó exame final, que terá lugar na segunda semana de decembro na hora de clase. A data concreta comunicárase a comezo de curso e figurará na información ofrecida via faitic.

O exame final (segunda semana de decembro de 2015) consistirá nunha proba escrita de tradución e unha proba escrita de resposta longa a modo de comentario sobre os problemas atopados e solucións adoptadas.

O alumnado que suspenda o exame de decembro deberá presentarse ó exame final de xullo. O alumnado que siga a avaliación continua só deberá realizar as probas suspensas en xullo.

O exame de xullo celebrarase o día da convocatoria oficial de xullo que establece a Facultade. Consistirá nunha proba escrita de tradución e unha proba escrita de resposta longa a modo de comentario sobre os problemas atopados e solucións adoptadas.

Bibliografía. Fontes de información

BERTHO-LAVENIR, Catherine (1999) *La roue et le stylo. Comment nous sommes devenus touristes*. París: Éditions Odile Jacob.

BHABHA, Homi K. (1994) *The Location of Culture*. Londres:Routledge.

D'ONOFRIO,Salvatore e JOULIAN, Frédéric (dirs.) (2006) Dire le savoir-faire. *Cahiers d'anthropologie sociale*, 1.

GARCÍA JIMÉNEZ, Modesto *et al.* (2011) "Herencia cultural y turismo residencial europeo: problemáticas y transformaciones en torno a un emergente mercado cultural", en *Lugares, tiempos,memorias. La antropología ibérica en el siglo XXI*. León: Federación de Asociaciones de Antropología del Estado Español, 2873-2881.

HEINICH, Nathalie (2009) *La fabrique du patrimoine*. París: Éditions de la Maison des sciences de l'homme.

LÉVI-STRAUSS, Claude (1983) *Le regard éloigné*. París: Plon.

LÉVI-STRAUSS, Claude (1995) *L'identité*. 3ª edición. París: Quadrige.

MONTERO DOMÍNGUEZ, Xoán (ed.) (2014) *Traducción e industrias culturales. Nuevas perspectivas de análisis*. Fráncfort: Peter Lang.

RONSEL (2008) *Plan para a salvagarda e posta envalor do patrimonio cultural inmaterial de Galicia*. Ourense: Ronsel.

VOISENAT, Claudie (dir.) (2001) *Paysage au pluriel*. París: Éditions de la Maison des sciences de l'homme.

VOLKENANDT,Claus (2009) "Why we need an intercultural art history", en ClausVolkenandt e Christian Kaufmann (eds.) *BetweenIndigenous Australia and Europe: John Mawurndjul. Art Histories in Context*.Berlin: Reimer, 103-112.

Xunta de Galicia (2012) Turgalicia.es [en rede] URL: <http://www.turgalicia.es/> (consulta do 12 de maio de 2012).

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Traballo de Fin de Grao/V01G230V01991

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Tradución editorial idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01928

Tradución especializada idioma 2: Administrativa-económica: Francés-Galego/V01G230V01941

Tradución medios audiovisuais idioma 1: Francés-Galego/V01G230V01924

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Antropoloxía: Antropoloxía das prácticas de tradución e interpretación/V01G230V01209

Cultura e civilización para a tradución e a interpretación (conceptualizacións básicas): Francés/V01G230V01418

Tradución idioma 2, II: Francés-Galego/V01G230V01508